

Cigasaúde

Información sindical.



A CIG-SAÚDE informa a todas/os as/os traballadoras/es que con data 20 de decembro de 2005, saíu publicado en DOG o acordo salarial das/dos traballadoras/es do Centro de Transfusión de Galica.

Referente a que o persoal eventual e algún persoal interino non cobrase os atrasos correspondentes ao ano 2004, a CIG- Saúde dirixíuse ao Director do CTG para solicitar información sobre este tema e demandar o seu abono.

A contestación do Director foi que a anterior dirección remitira ao padroado, para a súa aprobación, unha relación nominal do persoal ao que lle sería de aplicación este acordo; que foi o persoal que cobrou os atrasos. Neste momento, ante a nosa reclamación e a de algúns/a traballadores/as, a Dirección do centro solicitou ao SERGAS un informe xurídico, entendemos que coa intención de solucionalo.

Así mesmo a CIG-SAÚDE solicitou á Dirección do centro que se convoque aos representantes sindicais para abordar a negociación dos temas que ao noso entender teñen que ter unha regulamentación máis transparente. Os temas a negociar serían , entre outros:

- .- Abonamento dos atrasos do ano 2004 ao persoal eventual e interino que non os percibira. Solicitamos ter coñecemento do informe xurídico.
- .- Dias de libre disposición : desfrute, procedemento para as solicitudes: concesión ou denegación .
- .- Plus de produtividade .
- .- Corretornos.
- .- Saúde Laboral.
- .- Resto de tema prantexados.

ESTATUTARIZACIÓN.

O SERGAS convocou a Mesa Sectorial de negociación para o vinderio xoves día 22 de decembro de 2005. Na orde do día esta incluído como punto 4º:

Primeiro borrador integración do persoal de fundacións/empresas públicas.

A CIG-SAÚDE informará do acontecido en cada unha das reunións de negociación do Decreto.